

XÉNERO E DISCURSO: USOS BILINGÜES NO ESTILO CONVERSACIONAL FEMININO E MASCULINO

Sonia Álvarez López¹
Universidade de Vigo

O presente traballo ten por obxecto aproximarnos, dende o campo da análise da conversa, ó estudio dos usos bilingües nos estilos conversacionais feminino e masculino.

O motivo fundamental deste breve estudio é tentar incrementa-las investigacións sobre o comportamento bilingüe da muller en Galicia e, con isto, procurar subsana-lo descoñecemento que temos sobre a súa realidade sociolingüística. As cuestións relacionadas coa muller e a súa realidade social seguen estando relegadas a un segundo plano, de xeito que case sempre son consideradas como mero dato anecdótico ou ben están incluídas no comportamento xeral do home (Buxó, 1988; Romaine, 1996).

Nós, tanto mulleres como homes, somos suxeitos diferentes, cunha educación, comportamento, inquiredanzas... diferentes e, polo tanto, as mulleres debemos reivindicar o noso espacio para toma-la palabra e interesarnos por todas estas cuestións, neste caso lingüísticas, que a todas e a todos nos afectan. Sen dúbida, o estudio do comportamento da muller na nosa sociedade é fundamental para poder entender a nosa realidade presente, o noso pasado e, por suposto, o noso futuro.

Como punto de partida convén deixar claro algunhas ideas que nos parecen fundamentais para unha mellor comprensión deste traballo. En primeiro lugar, advertir que a análise da conversa bilingüe en ambos sexos é un tema estreitamente relacionado coas características da fala feminina e masculina, cuestión nada doada de abordar e sobre a que hai diversas opinións e debates. Como unha pequena introducción a este tema, que nos vai axudar a entender despois a análise dos usos bilingües, podemos dicir que a fala feminina se caracteriza, en liñas xerais, por empregar un estilo asertivo, cooperativo, cortés, solidario, bastante eufemístico..., mentres que no estilo masculino prima moitas veces a competitividade, a agresividade verbal, a dominación dos turnos da conversa, etc. (Bengoechea, 1995; Pearson, 1993; Romaine, 1996; Tannen, 1996; Wardhaugh, 1992). Por outra banda, tamén convén deixar ben claro que estas diferencias que se asignan á fala da muller ou do home son simples tendencias xerais. Como apuntou R. Lakoff no seu momento, é máis probable que unha muller fale cuns determinados trazos que no caso de ser un home,

¹ Universidade de Vigo, Facultade de Filoloxía e Traducción, Campus de Vigo, As Lagoas Marcosende, Apto. 874, 36200 Vigo (Pontevedra); Teléfono: 636437817; E-mail: sonial@uvigo.es

pero isto non significa que nós poidamos predicir que alguén vai falar así se é unha muller e non o fará se é un home, posto que non son diferencias exclusivas dun ou doutro sexo, senón preferencias de uso.

Nun primeiro punto desta comunicación imos falar dos usos bilingües que forman parte do estilo conversacional masculino. Nesta liña, convén sinalar que as finalidades humorística, irónica ou de “vacile”² están moi presentes no estilo masculino, especialmente entre a xente nova e nos grupos formados exclusivamente por homes. Así, mentres nun grupo de mulleres hai preferencia por aludir a temas íntimos, o respecto das quendas de palabra, etc., sen que isto impida acadar intres de humor, nos grupos masculinos hai unha tendencia continua a busca do humor, que os leva, moitas veces, a utilizalo de xeito competitivo, como pugna para obter a primacía do enxeño e orixinalidade. O humor atopámolo en diversas manifestacións como poden ser as gracias espontáneas, as burlas ós interlocutores/as, os chistes... Non imos dicir que en todos estes casos exista un afán competitivo, posto que o feito de contar un chiste ou unha anécdota graciosa (frecuentes no discurso masculino) non implica de por si loita, pero si parece existir unha ansia polo dominio das quendas que, ás veces, podemos interpretar como disputa.

Pero centrándonos no tema que agora nos ocupa, é dicir, na análise da conversa bilingüe, imos ver como estas finalidades, humorística, irónica e de “vacile”, se manifestan a través dos usos bilingües nos interlocutores masculinos, é dicir, como poden traer implícitas un cambio de lingua. Así, por exemplo, podemos apuntar que é bastante habitual o uso do galego, ou dalgún dos seus recursos, como a gheada ou o acento, por parte de castelánfalantes habituais cunha intención humorística.

O feito de recorrer ó galego con esta finalidade está estreitamente relacionado cos prexuízos e actitudes da xente cara a nosa lingua, tema no que non imos entrar por motivos de espacio e porque está fóra do noso ámbito da análise da conversa.

Pero para ilustrar todo isto que estamos dicindo nada mellor que recorrer a varias conversas reais e analizar nelas estes recursos.

O primeiro fragmento que imos transcribir pertence a unha conversa gravada nunha cafetería na que varios interlocutores masculinos falan ó fío das novas deportivas que oen no Telediario, en concreto, sobre unha nova fichaxe dun xogador de fútbol no Real Madrid:

(01) A: la verdad es que se- se esfuerzan .. en ser horteras[↑] eh? <2> se esfuerzan en ser horteras[↓] <1,5> eso sí al que se ríe de su pinta le dan .. mil duros y dicen {[ac] ahora te

² O termo máis preciso para referirse a esta finalidade de *vacile* é o de “putear”, verbo que nos remite a un significado coloquial de “tomarlle o pelo a alguén, divertíndose á súa costa, normalmente con ironía e humor”.

- callas}
- (02) B: esto qué es entonces? (XX)
- (03) A: éste .. cualquier cosa
- (04) C: será de la guayana .. o por ahí
- <4>
- (05) A: un equipo brasileiro <2> qué apellido tiene?
- (06) B: .. co(gim)bí↓
- (07) A: cómo?
- (08) B: {[b] cogimbí}
- (09) C: cajombí
- (10) B: cogimbí
- (11) C: {[ac] **cagho** en dios↑}
- [risos]

Nesta interacción entre tres locutores masculinos interézanos analizar o último turno (11) no que C emite ese *cagho en dios* que provoca a risa do resto dos participantes. En realidade, este fragmento baséase nun xogo de palabras (cogimbí/cagho en dios) (recurso moi empregado nas conversas masculinas) e ademais C bota man dun “taco” para conseguir esa finalidade humorística. Polo tanto, podemos concluír que son tres os recursos que se xuntan neste turno (11): o xogo de palabras, a utilización dun “taco” e a utilización da gheada, que tentan por de relevo a inxeniosidade de C e que forma parte do ritual masculino por tentar se-lo máis gracioso do grupo, sacándolle punta ás palabras dalgún dos locutores.

Pero o que máis nos interesa destacar neste turno é o uso da gheada, fenómeno propio de certas variedades galegas, pero que neste caso é empregado por un locutor que, en principio, se presenta como castelán-falante (turno 04). Observamos, polo tanto, que se produce unha pequena alternancia de lingua que, en todo caso, reforza esa intención humorística de C, avalada polos risos finais do resto dos participantes.

O segundo fragmento que imos transcribir pertence a unha conversa que ten lugar na Facultade entre varios estudantes, entre eles un rapaz, G, que acaba de chegar e neste primeiro turno interrompe a conversa entre R e outras dúas locutoras:

- (01) Gracioso: M. hoy te fuiste a vacunar=
- (02) Oínte: =yo no sé .. en el de-
- (03) Gracioso: mira-
- (04) Rapaza: **vaite peinar e (deixa a R. falar comigo)=**
- (05) Gracioso: =le dije a sharon stone que te habías ido {[dc] a **vacinar**}
- [risos]
- (06) R: *SI-*
- (07) G: o sea que si la stone te dice que tal la **vacina** .. **moi ben-**
- (08) R: *mira-*
- (09) G: y te **vacinas** con las olimpiadas ..
- .
- .
- .
- (10) R: **bueno poi- .. pois eso**
- (11) G: si sharon stone te dice algo dile eso .. porque me dijo-

- (12) R: **por que non viu? .. preguntoume por que non vira? .. e que (tiven que) falar mañá con ela**
- (13) G: **e a túa compañeira-? e a túa compañeira-? que ten que vir** y yo allí pensaba .. **claro é que- es que- es que os compañeiros teñen que vir e non (andar manda-los homes)** .. yo allí pensando (XX) .. **es que se foi a vacinar-**
- (14) R: *entonces como é o texto?*
- (15) G: me dice sharon **como que se foi a vacinar? eu teño dous rapaces e a R. vacinámola .. ós sete anos e logo ata os doce anos non**
[risos]
- (16) R: {[f] **e de que coño se supón que me fun a vacinar?**} [risos] **da rabia**
- (17) O: o de alergia
(XX)
- (18) R: **de alerxia si .. de alerxia**
- (19) G: **é que se vacina coas olimpiadas** [riso]
- (20) R: **qué animal eres**

Nesta transcripción observamos como o interlocutor masculino, G, emite varias alternancias de lingua cunha finalidade humorística. A primeira atopámola no turno 05, na palabra *vacinar*, onde a función é posiblemente expresiva. G emprega ese termo, fronte a *vacunar*, o verbo máis corrente e habitual en usos informais da lingua, porque con el non só vai tentar chama-la atención do resto dos participantes, senón que ademais procura uns efectos humorísticos que só dese modo podería acadar. Ademais, G é un participante que se acaba de incorporar á conversa e, polo tanto, se tenta capta-la atención do resto das interlocutoras un modo moi sinxelo de facelo é mediante o humor e narrando novidades que poidan interesar ou afectar ó resto, como neste caso acontece.

Nos turnos 07 e 09 vólvese recorrer ó mesmo termo, *vacina* e *vacinar* respectivamente e, de novo, cunha finalidade expresivo-humorística. A incorporación e aceptación de G á conversa que estaba tendo lugar entre as participantes é case instantánea. Sen embargo, el sabe que o éxito ou o fracaso do seu discurso vai estar condicionado polo que diga nos primeiros turnos, de feito, no 01 e 03 non consegue captar suficientemente a atención, posto que é interrompido e, incluso, excluído do grupo (*vaite peinar*, turno 04). Pero, a situación cambia no turno 05, curiosamente aquí volve repetir case con exactitude o que dixo no primeiro turno: *M. hoy te fuiste a vacunar /v./ le dije a sharon stone que te habías ido a vacinar*, pero no último caso G emprega o termo galego *vacinar*, e, ademais, cun tempo relativamente decelerado, para chama-la atención, posto que é unha palabra moi pouco empregada. Os efectos acadados gracias a ela son exitosos e proba deso é que vai volver botar man dese termo nos dous turnos seguintes (07 e 09) e despois de que transcorra o silencio máis longo da conversa G repíteo catro veces (turnos 13, 15 e 19).

Sen dúbida, a finalidade humorística deste fragmento prima nos máis dos casos sobre calquera outra. Se observamos coidadosamente o discurso de G podemos notar como repite unha

e outra vez as mesmas ideas, tan só engadindo algúns matices. E esta intención de busca do humor na conversa faise case sempre a través do galego (turnos 13 e 15).

Outro aspecto que nos parece interesante analizar nos usos bilingües que forman parte do estilo conversacional masculino é a utilización do castelán, por parte dun galego-falante habitual, para vacilar a un dos locutores/as presentes na conversa ou a terceiras persoas alleas a ela. Por suposto, o feito de vacilar ou mofarse dalgún non é unha actividade lingüística exclusiva dos homes, pero parece que existe unha tendencia a que eles empreguen este recurso, especialmente a través dun cambio de lingua, en maior medida cás mulleres.

A transcripción que imos reproducir para ilustrar o que estamos dicindo está tomada dunha conversa que tivo lugar nun campo de fútbol e na que varios rapaces e dúas mozas falan sobre o nivel cultural de Jordan.

- (01) Metafórico: jordan? ese .. ese sí que é un analfabeto
<2>
- (02) Discrepador: **jordan sabes si sabe hablar? <2> si el mejor jugador del mundo (XX) escribir**
- (03) Metafórico: {[f] pero} ..eh:: R.=
- (04) Discrepador: =**porque es negro ala**↑
- (05) Metafórico: R.↑
- (06) Moza: **por favor**↑=
- (07) Metafórico: =que sexa o mellor xogador do mundo non quere dicir que non se[xa analfabeto]
- (08) D: [**analfabeto**](XX) **toques los cojones analfabeto**
- (09) Razoador: ..**R. tener pelas no quiere decir que tenga .. cultura y conocimientos**
- (10) D: **y tú que sabes si tiene cultura?**
- (11) M: eh:::?
- (12) D: **lo- lo llamaste por teléfono .. no te jode**
- (13) Moza: **hostia que más quisiera** [riso]
- (14) M: **no::** pero cando declara {[ac] [f] **ah yo me follé a veinte tías en un día**} [gritos e risos]
soy un fenómeno=
- (15) D: = {[f] **y tú- y tú todo celoso no te jode**↑↑} .. **si folló hace bien qué carallo**↓
- (16) M: eu vinte tías nun día é que xa- {[f]joder} [é como comer chocolate]
- (17) D: [{ [f] **hostia** }]
- (18) M: xa aburre joder↑
- (19) D: {[f] **pues a mi no eh? .. voy a llegar a casa y voy a comer chocolate eh**↑↑ [risos]
me levanto mañana a la mañana y como chocolate eh? así que=
- (20) M: =comer chocolate [risos]

O turno que máis nos interesa analizar neste fragmento é o (14) no que M emprega unha alternancia de lingua con dúas finalidades primordiais: a humorística e a de desacreditar e vacilar ó personaxe famoso do que falan. O code-switching, que poderíamos clasificar como metafórico de cita, acompañado dun cambio de volume (forte) e ritmo (acelerado), non é

importante por reproducir as palabras do famoso (que, por outra banda, fala en inglés), senón por conseguir facer rir ó resto dos participantes ademais de ridiculizar a Jordan e tentar amosar que non ten “cultura nin coñecementos”. Ademais, neste fragmento prodúcese un pequeno desacordo de opinións entre D, por unha banda, e M e S, por outra, recorrendo ó tópico da virilidade masculina para resolvelo.

Con respecto dos usos bilingües que forman parte do estilo conversacional feminino, imos analizar tamén dous trazos que nos parecen significativos: o uso do sufixo -iño/a e de intensificadores.

Polo xeral, o estilo conversacional feminino caracterízase por empregar expresións de tipo apreciativo en maior medida cós homes. Xa Lakoff no ano 75 sinalaba que adxectivos como *adorable*, *divino* ou *cariñoso* empregábanos as mulleres con máis frecuencia. Sen embargo, conseguir mostras de fala onde se utilicen estes termos non é doado³. No caso do territorio galego é máis habitual escoitar adxectivos apreciativos como *majo*, *chuli*, *cucada*, etc. por boca das mulleres, especialmente novas, en repertorios en galego ou castelán.

E se ben observamos a utilización indiferente destes adxectivos nas dúas linguas, aínda resulta máis obvio o emprego do sufixo apreciativo -iño/a por parte das mulleres, aínda que sexa no interior dun repertorio castelán. En xeral, as mulleres botan man dos diminutivos en maior medida cós homes e a súa finalidade soe ser expresiva, de familiaridade, solidariedade, etc. Así, é curioso observar como adxectivos como *curriño*, *riquiño*... se instalaron na fala do territorio galego, formando parte do repertorio tanto castelán como galego e, especialmente, do estilo conversacional feminino.

A modo de exemplo ilustrativo podemos analiza-lo seguinte fragmento transcrito no que unha nai e unha filla falan sobre o bebé dunha compañeira de traballo:

- (01) Filla: conoces al:: nieto de M. ?
 (02) Nai: eh::?
 (03) Filla: conoces al nieto de M.?
 (04) Nai: es precioso tiene un niño
 (05) F.: .. si?
 (06) N.: precioso precioso
 (07) F.: es **curriño**?
 (08) N.: currísimo .. ya (XX) cuando ya tenía tres **ou catro días** .. ya tenía una cara de muñeco ..
 el niño es muy muy lindo
 (09) F.: [(XX)]
 (10) N.: [y lo trajo al colegio]=
 (11) F.: =ay lo trajo al colegio?
 (12) N.: un día .. cuando .. en sep- allá por septiembre {[b] **xa fai quince días tres semanas**} ..

³ Persoalmente opino que isto se debe a que son adxectivos máis habituais en rexistros formais e tamén a que son traducións moi literais e calcadas do inglés (*adorable*, *divine*), que teñen outra forma característica de expresarse na nosa lingua.

a semana sighiente que empezamos a traballar ou así veu alí co rapaz está precioso
 .. (XX) ayer pasaron **as tres** por allá arriba .. (XX) coche

(13) F.: y cuánto tiempo tiene?

<2>

(14) N.: agosto y septiembre .. dos meses =

(15) F.: = dos meses sólo?

(16) N.: si::

(17) F.: yo pensé que tenía más

(18) N.: (XX) mes de julio .. **o trinta** de julio me parece

<11>

{[b] (XX) M. (XX) tiene unos ojos muy bonitos}

(19) F.: M. era **riquiña**

(20) N.: a M. la conoces?

(25) F.: si:: .. las conocía a todas .. bueno me parece .. las gemelas y esa si

(21) N.: (XX) tenía una pinta de gitana de .. uf::↑ mi madre↓ .. **unha víbora**↑ .. **a todas elas**
ches chegha ben bue- J. J. é máis <2> tranquila

Nos dous fragmentos desta conversa podemos localizar dous dos adxectivos antes mencionados: *curriño* e *riquiña*. O primeiro atopámolo no turno 07 e o emprega unha moza que neste fragmento fai uso do castelán. En xeral, os primeiros turnos desta conversa están cheos de termos apreciativos: *precioso* (turnos 04, 06), *currísimo* (turno 08), *muñeco* (turno 08), *lindo* (turno 08), que teñen unha finalidade expresiva, e que ó repetirse case de seguido parece que fan a función de persuasores e verificadores do que N. está a dicir, para que non quede ningunha dúbida de que o neno é realmente *precioso*. Ademais, cabe engadir que o feito de describir tan efusivamente ó bebé, descrición na que tamén parece que se inmiscúen os sentimentos de afecto e agarimo, é unha calidade tipicamente feminina, mentres que os homes, polo xeral, teñen tendencia a esconder máis os seus sentimentos e non empregar este tipo de cualificativos.

No turno 23 aparece o adxectivo *riquiña* referido a unha rapaza e, de novo, cunha finalidade apreciativa, é dicir, amosa un sentimento de agrado cara a beleza física de M. Nestes casos, polo tanto, o sufixo -iño/a, pola carga afectiva que implica, é empregado para espertar na interlocutora sentimentos de afecto.

Por outra banda, cómpre engadir que hai que ter moito coidado cando adxudicamos a utilización destes termos apreciativos a un único sexo, posto que non podemos falar de léxico exclusivo de homes ou mulleres. Sen embargo, si podemos afirmar que a utilización destes cualificativos son máis propios delas que dos homes. Ademais, en ningunha das gravacións que recollemos para a realización desta comunicación ou de traballos anteriores atopamos

estes termos por boca dun home. Si, en cambio, gravamos unha conversa na que un locutor emprega os adxectivos *guapo* e *bonito* para referirse a un cantante famoso:

- (01) Rapaza: (XX) marta sánchez canta bien?
 (02) B: no
 (03) Filosófico: .. está buena
 (04) Moza: [ah::]
 (05) Rapaza: [ah::]
 (06) Moza: no te jode=
 (07) B: =vale y las tetas [sólo]
 (08) F: [é] é igual que alejandro sanz un niño:: pijo guapo <2> bonito
 (09) B: es un- un inculto
 (10) F: bonito
 (11) Ra: {[ac] quién? quién? quién? quién?}
 (12) B: enano un retaco=
 (13) Moza: =alejandro sanz
 (14) Ra: eso es envidia todo envidia
 (15) B: si envidia dice
 (16) Moza: es así es que es así
 (17) B: vale no te jode=
 (18) F: =estamos .. nunha cuestión de gustos desde logo .. alejadro sanz non lle teño ningunha envidia .. prefiro ser feo como son .. a ser un guapo .. feo coma el .. ou sea non sei se me explicaría.

É curioso observar como, neste caso, este locutor masculino emprega estes adxectivos apreciativos para criticar ó cantante en cuestión, e non para facer un eloxio como no caso anterior. Ademais, comprobamos, de novo, como se produce unha alternancia de lingua por parte deste mozo para facer unha crítica ou desacreditar a Alejandro Sanz. É dicir, as calidades de “niño pijo, guapo e bonito” non son entendidas por F como positivas e, polo tanto, non teñen ese valor apreciativo que viamos no caso do fragmento anterior.

Para rematar voume referir a outro rasgo que considero interesante nos usos bilingües do estilo conversacional feminino. A utilización de intensificadores, é dicir, aquelas expresións que reforzan ou intensifican as nosas palabras, é unha característica que se asocia tamén coa fala feminina (Buxó, 1988; Pearson, 1996).

Neste senso, cabe apuntar que existen diversas expresións que son empregadas con independencia do código usual dos locutores/as, como *mi madre*, e moitas estreitamente relacionadas coa relixión: *Dios*, *Dios mío (querido)*, *Jesús*... Algunhas delas as podemos localizar na seguinte conversa entre varias mulleres maiores que comezan falando do caso dunha rapaza violada e asasinada:

- (01) Compasiva: iba pa casa .. e apareceu morta cal- queimada no coche .. a S. esa S. non sei que {[ac] que era profesora de inglés} .. salíu de copas cos amigos .. e despois marcha- {[ac] fijate ti↓} nun pueblo marchaba pa casa
 (02) Adulta: {[b] marchaba pa casa si}
 (03) Compasiva: marchaba pa casa <3> e nun traiecto tan pequeno .. e non se sabe como

- desapareceu e apareceu <2> enterrada semienterrada nun=
- (04) Adulta: =si si
- (05) Compasiva: e ayer falouno abusaron dela <2> que tuvo que ser unha persona conocida para ela subir=
- (06) Adulta: =ó coche=
- (07) C: =ó coche .. ademais ela levaba uns- uns zuecos e decían que .. si fora arrastrada ou si fora- <2> hum:: que a levaran arrastro que os zuecos que non os podía levar {[ac] porque levaba uns zuecos deses}
- (08) A: {[b] que lle caían}
- (09) C: e nada todo apareceu alí- alí semienterrada .. e todas- todas esas historias↑ .. ahora- ahora aínda andan a revolver esa- esas tres nenas de- de=
- (10) A: =si
- (11) C: que- a revolver que- que hai disque que o- o-=
- (12) A: =si o pai desconfía que houbo máis xente ca el=
- (13) C: =si e que=
- (14) A: =e que si o outro desapareceu porque o mataron=
- (15) C: =porque o mataron e está morto e díghoche [a ti que si]
- (16) Moza: [está enterrado]
- (17) C: eu o que non concibo é unha [cousa]
- (18) A: [e que-] quen sabe
- (19) C: eu son vella teño setenta anos↑eu que non concibo é que- {[dc] que tantas mulleres como hai polo mundo .. que tantas mulleres como hai↑} que lle dean cartos ou non lle dean .. iso xa é problema delas
- [riso]
- pero
- (20) A: pero son (XX)
- (21) C: pero que se vaian cunha muller=
- (22) A: =son caprichos de::
- (23) C: capi- que paghen o capricho=
- (24) M: =e
- (25) C: [que paghen unha fulana↑]
- (26) M: [son vicio] .. e que- .. malas ideas↑=
- (27) C: =pero=
- (28) A: =nun momento dado e- e=
- (29) C: =pero- pero matare .. pero matare iso é imperdonable↓ {[a] **dios mío querido**↑↑} {[dc] porque .. **oyes**↑} inda con **dios** xa non pero que a violaran bueno xa .. [xa non]
- (30) A: [**ai dios**] pero tamén=
- (31) C: =xa é horroroso
- (32) A: jobá:
- (33) C: pero matar R.↑↑
- (34) A: {[b] xa no-}
- (35) C: pero matar .. xa violar é unha cousa que xa- xa- que- xa quedaría un- unha secuela pa toda a vida non↑ pero bueno↓ pero bueno↓ pero bueno↓ {[ac] vaite **demonio**} .. pero matare

Nesta conversa, na que participan soamente mulleres, atopámonos con varios trazos que podemos clasificar como propios do estilo conversacional feminino, como poidan se-la cooperatividade entre C e A ou o tema. Con respecto a este último, podemos sinalar que o asunto central do fragmento son os *reality show*, programas cunha audiencia, alomenos en teoría, maioritariamente feminina. Persoalmente non creo que exista un gusto feminino pola traxedia ou

o morbo (penso que isto é característico do ser humano en xeral e non só das mulleres), senón que máis ben existe un desexo por parte delas por amosa-lo lado humano e os seus sentimentos, á vez que serve como consolo das propias desgracias. Un trazo que parece común entre as mulleres adultas son as ansias por compadecer, por amosar unha actitude piadosa. Isto maniféstase nesta conversa, onde o sentimento de pena se reforza por medio de trazos como a reiteración ou os intensificadores como o *dios mío querido* do turno 29 ou o *ai dios* do turno 30. Ámbalas dúas expresións reforzan ese sentimento de pena das dúas locutoras e de rexeitamento ó asasinato e a violación da rapaza. En realidade, todas estas expresións, incluída a de *vaite demonio* (turno 35), poderían clasificarse no campo semántico da relixión. Isto probablemente explícase pola influencia que tivo dende sempre a relixión entre as mulleres, ó fin e ó cabo non hai que esquecer que eran elas as principais receptoras do mundo clerical e relixioso e, polo tanto, non nos pode sorprender que aínda hoxe haxa unha forte influencia deste léxico entre elas. Ademais, a expresividade destes “intensificadores” os converte nunha boa opción cando queremos matizar, reforzar ou completa-lo valor das nosas palabras, manifestando, moitas veces, a dor ou alegría dos nosos sentimentos.

Unha cuestión clave sobre este tema, e que nós deixamos no aire por motivos de espacio, é contestar á pregunta ¿a que se deben todas estas diferencias na fala de homes e mulleres? Dar unha resposta única e convincente é imposible. Temos que recorrer a numerosos factores, dende a educación, a nosa cultura, a bioloxía...e, sobre todo, incidir nunha idea importante: homes e mulleres son, sen dúbida, diferentes e, polo tanto, non nos pode sorprender que a súa forma de comunicarse sexa tamén diferente.

En último termo tampouco convén esquecer que moitos dos trazos que diferencian os estilos masculino e feminino son froito de desigualdades e desequilibrios presentes na nosa sociedade, onde as mulleres son obxecto de diverso tipo de discriminacións, entre elas, como non, a discriminación lingüística: o modo en que as ensinan a emprega-la lingua (por non falar do modo no que o uso colectivo da linguaxe as trata). Unido a isto está toda unha serie de tópicos e estereotipos machistas sobre os distintos sexos, como o uso de adxectivos como “cursi” ou “trivial” para referirse á linguaxe feminina (por exemplo, polo feito de empregar de forma habitual os diminutivos), que son froito dunha mentalidade machista que considera todo o que non é masculino como unha desviación da (súa) norma. As expectativas socioculturais ligadas a cada un dos roles son diferentes: así, espérase un comportamento lingüístico tamén distinto para homes e mulleres.

Por último, cabe incidir nunha idea importante: o idioma que empregamos é algo moito máis íntimo e profundo ca un simple medio de comunicación, é un elemento fundamental da

personalidade e unha das características máis importantes da identidade persoal. Polo tanto, lingua e identidade son dous termos intimamente relacionados. E non hai que esquecer que nós, as mulleres, aínda hoxe andamos á procura da nosa identidade, perdida e sometida dende fai séculos. Andamos, polo tanto, tamén na busca dunha lingua, libre de imposicións, de modelos opresores ou de estigmas que teñamos que engadir ó noso sexo, un código no que poidamos expresarnos con plena liberdade.

Apéndice. Convencións de transcripción

- Superposición de voces
-
- = Engranzamento de voces
- .. Pausa de menos de 1 segundo
- <> Pausa de máis de 1 segundo
- [a] Rexistro melódico alto ou agudo
- [b] Rexistro melódico baixo ou grave
- [f] Volume *fortis*
- [p] Volume *piano*
- [ac] Tempo relativamente acelerado
- [dc] Tempo relativamente decelerado
- ↑ Grupo melódico final ascendente
- ↓ Grupo melódico final descendente
- MAIÚSCULAS Realce de certos sons
- : Son alongado
- Son interrompido ou truncado
- () Sílaba, palabra ou segmento reconstruído
- (XX) Sílaba, palabra ou segmento inintelixible
- .
- . Omisión de varias quendas

Referencias bibliográficas

- Bengoechea, M. (1995), “Mujeres/hombres: el conflicto entre dos culturas”, *Revista de Occidente* 170-71, 120-36
- Buxó Rey, M.J. (1988), *Antropología de la mujer: cognición, lengua e ideología cultural*, Barcelona, Anthropos.
- Coates, J., D. Cameron (1990), *Women in their speech communities*, London, Longman Group UK Limited.
- Johnson, S., U.H. Meinhof (1997), *Language and Masculinity*, Great Britain, Blackwell Publishers Ltd.
- Lakoff, R. (1981), *El lenguaje y el lugar de la mujer*, Barcelona, Hacer.
- Pearson, J.C., L.H. Turner, W. Todd-Mancillas (1996), *Comunicación y género*, Barcelona, Paidós.
- Philips, S., S. Steele, C. Tanz (eds.) (1987), *Language, gender and sex in comparative perspective*, Cambridge, Cambridge University Press.

- Romaine, S. (1996), *El lenguaje en la sociedad. Una introducción a la sociolingüística*, Barcelona, Ariel.
- Tannen, D. (1996), *Género y discurso*, Barcelona, Paidós.
- Walters, K. (1996), "Gender, identity, and the political economy of language: Anglophone wives in Tunisia", *Language in Society* 25, 515-55.
- Wardhaugh, R. (1992), *Introducción á Sociolingüística*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.